



SAIDA

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

MG-UA/jl

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dictou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Vista a petición da **FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO**, con domicilio social en Avda. de Glasgow nº 16, do Concello de A CORUÑA (15006) e CIF: G-15103500 solicitando axuda económica para as **“ESCOLAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO”** e o informe favorable de Intervención da data 17/06/14 sobre existencia de consignación suficiente, **RESOLVO** aprobar o gasto de **DEZASEIS MIL EUROS (16.000,00 €)**, para o obxecto citado, con cargo á partida orzamentaria 14/340.341.489.02 - R.C. nº 201400078955 que se achegará á **FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO** unha vez se xustifique o importe da subvención concedida con facturas, recibos, etc., que reúnan os requisitos legais esixidos por R.D.1496/03 de 28 de novembro sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 16.000 € e realizados co desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, Xeral de Subvencións. Tamén deberá acompañar unha memoria da actividade e acreditar a difusión do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada. A subvención concedida deberá xustificarse antes do 31/03/2015.

Así mesmo debe remitirse fotocopia desta resolución e os impresos que se achegan debidamente cumprimentados.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 18 de xuño de 2014

O SECRETARIO



FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO